



COMO É O EQUIPO LAURA????



Para que poidas coñecernos un pouco máis gostaríanos compartir por aquí un resumo das nosas **fortalezas** e tamén das nosas **debilidades**. Do que nos diferencia e pensamos que nos define.

As **clases** son sempre **pola tarde e presenciais (non hai opción online)**. Relacionado con isto, pensamos que é moi importante que saibades que ao Equipo non se ven tan só o día de clase, que son moooooitas as clases a maiores, obradoiros, actividades, exposicións e tardes infinitas de traballo cos equipos cooperativos. É por iso que somos moi conscientes de que estar aquí implica un alto nivel de compromiso. O ritmo é intenso dende o día 1 de setembro e estar aquí require dunha gran inversión de tempo... Agora ben, tamén sabemos que a maioría do noso alumnado define esta experiencia como dura, pero tremendamente enriquecedora. Temos equipos heteroxéneos, pouco numerosos e intentamos contar con xente en diferentes circunstancias e situacións: de idades diversas, experiencias diferentes, con cargas familiares e sen elas, que traballa ou que non o fai...todo o mundo ten o seu espazo aquí, e ser diferentes nos fai mellores.

Se tiveramos que resumir as nosas principais **fortalezas**, destacaríamos as seguintes:

- A calidade do equipo humano.
- A dispoñibilidade, dedicación e entrega do profesorado.
- Temos grupos reducidos e intentamos que a atención personalizada sexa unha realidade diaria.
- Adicamos moito tempo e esforzo ao acompañamento, coaching individual e de equipos, sostén e xestión emocional.
- Traballo cooperativo e disciplina positiva como eixe vertebrador de absolutamente todo o que se fai.
- Obradoiros de atención á diversidade de forma mensual.
- Vivenciación de metodoloxías activas: aprendizaxe cooperativa, gamificación, ABX, paisaxes de aprendizaxe, ambientes, obradoiros, ferramentas dixitais, robótica, pensamento computacional, cultura do pensamento, DUA, personalización...a lista é interminable!
- Aspiramos a ser unha auténtica comunidade de aprendizaxe. Aprendemos facendo, equivocándonos e colaborando entre as distintas especialidades.
- Todos os equipos contribúen no equipo, organizan e desenvolven actividades para o resto de compañeiros e compañeiras.
- Organizamos todas as formacións complementarias que se precisen.
- Formación en oratoria.
- Gran dotación de recursos: bibliográficos, manipulativos, dixitais, robótica, realidade aumentada,...
- Formación específica TIC e dixital por parte do noso profe Diego.
- Dispoñibilidade dos espazos de forma permanente para traballar, estudar e poder estar aquí o tempo que se queira...



- Sentido de pertenza, de contribución, de equipo e de familia. Iso é o mellor sen dúbida de ser “Equipo Laura”.

Por outra banda, como principais **inconvincentes/debilidades** que queremos destacar e que sabemos que poden ser complicados ás veces son:

- Alto ritmo e nivel de esixencia. Sabemos que é duro e as nosas planificacións de traballo son intensas.
- Exames, supostos e simulacros obrigatorios. Avaliación continua e permanente cunha mirada distinta: avaliar para aprender. Avaliación formadora e compartida.
- O traballo en equipo non é doado...xurdirán mil problemas. Aprenderemos a solucionarlos. Conflicto como oportunidade de mellora. Unha auténtica abordaxe cooperativa leva tempo, procesos e fases.
- Ter claro que ás veces se renuncia ao traballo individual por mor do equipo. Unha das nosas crenzas potenciadoras: “Non penses o que o equipo pode facer por ti, pensa o que ti podes facer polo equipo.”
- Gran inversión de tempo.
- Moocitas clases a maiores.
- Terás que organizar clases e obradoiros para outras especialidades.
- O feito de que os nosos grupos sexan reducidos implica que non podemos admitir todas as solicitudes que recibimos. Inevitablemente temos que realizar un proceso de selección co que buscamos equipos heteróxeneos e persoas que de verdade conecten coa nosa misión e os novos valores.

A grandes rasgos estas son os nosos sinais de identidade. Convidámosche a que se non nos segues en redes, lles botes unha ollada, igual é de axuda para que "vexas" un pouquiño máis do que facemos e do que somos...Podes atoparnos en Instagram (@contacto.equipolaura), Facebook (Equipo Laura) e en Ivoox ou Spotify co noso Podcast.